

## **BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 22 DE MAIO DE 2014.**

### **ASISTENTES:**

#### **Presidente:**

D. José Ignacio Portos Vázquez

#### **Concelleiros:**

- D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D<sup>a</sup>. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

#### **Secretaria-Interventora:**

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 14:13 horas do dia vinte e dous de maio de douce mil catorce, xuntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

O Concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello, entra no salón de plenos no momento de finalizar a sesión, as 14:20 horas.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- TOMA COÑECEMENTO RENUNCIA ALCALDÍA**

Pola Secretaría dase lectura ó escrito de renuncia á Alcaldía presentado por rexistro o 19/05/2014 con entrada no Concello nº 835 e que se reproduce literalmente:

“D. JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ, con DNI n.<sup>o</sup> 78782264L, comunica los siguientes hechos, en virtud de los artículos 196 y 198 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del

Régimen Electoral General, y 40 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales,

Que con fecha 22/05/2011 se celebraron las elecciones municipales, a las que él acudía formando parte de la lista del Grupo Político Partido de los Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE).

Que tomó posesión del cargo de Concejal el día 11/06/2011, tras cumplir con las obligaciones impuestas por la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, y tomó posesión del cargo de Alcalde el día 11/06/2011, tras haber sido presentadas las diferentes candidaturas, como cabeza de Partido y habiendo sido elegido tras empate en votación realizada por los Concejales del Ayuntamiento, por encabezar la lista más votada.

Que por reconocimiento por la seguridad social de una incapacidad permanente total por problemas de salud que me impiden el cumplimiento propio de las funciones de la Alcaldía manifiesta su decisión de renunciar al cargo de Alcalde que ocupa en el Ayuntamiento con efectos desde el 19/05/2014, sin renunciar por ello a su condición de Concejal.

## **SOLICITO**

Que se tome conocimiento de mi renuncia al cargo de Alcalde, que ostento en estos momentos en el Ayuntamiento de Boimorto, por el Pleno.

En Boimorto, a 19 de mayo de 2014.

Firma,

Fdo.: José Ignacio Portos Vázquez>>

O Pleno dáse por enterado de dita renuncia e o concelleiro D. José Ignacio Portos pasa a expoñer, baixo a presidencia da sesión da Teniente de Alcalde Dª Ana Ledo Fernández que:

..que esta renuncia é un pouco forzada, é debida a súa saúde pola cardiopatía que padece sendo necesario baixar o ritmo e deixar esta vida tras pasar o Tribunal que lle recoñeceu unha incapacidade total para este traballo o que motivou esta renuncia o posto de Alcaldía.

Agradece ó Pleno o apoio e tamén aos concelleiros doutras lexislaturas, destacando que leva un bo sabor de boca destes once anos e que lle gustaría que se seguira coa mesma intención, di que marcha moi contento de presidir esta mesa e ver como se pensou no Concello antes que noutras cousas ou ideais políticos, esperando que siga así.

Agradece aos veciños e aos empregados a súa colaboración. Di que marcha satisfeito do seu labor e de que o Concello quede saneado.

A continuación a Alcaldesa en funcións D<sup>a</sup> Ana Ledo di que dende a súa persoa e no nome do grupo político ao que pertence agradece o labor e interés de José Ignacio como Alcalde, a súa forma de ver o Concello como algo persoal, como a súa casa e xestionalo en beneficio de todos, agradece a seu labor e dende o punto de vista persoal os seus razonamentos e consellos que lle permiten aprender. Remata sinalando que o dito é pouco pero denso e con palabras de agradecemento e admiración hacia o agora concelleiro D. José Ignacio Portos Vázquez.

Sendo as 14:20 entra o concelleiro D. Gonzalo Concheiro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa en funcións remata a sesión, sendo as 14:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA EN FUNCIONES,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernández